



Xoán Ramón Alvite

Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en gandería

► CONVÉN NON ESQUECER QUE GALICIA LEXISLA DESDE HAI ANOS AS DISTANCIAS DAS NOVAS EXPLOTACIÓNS A OUTRAS GRANXAS E NÚCLEOS DE POBOACIÓN A TRAVÉS DA LEI DO SOLO

Nova normativa sobre ordenación de granxas. A polémica está servida

Cada vez que o Goberno legisla, os gandeiros bótanse a tremer. Se en ocasións anteriores foi a nutrición sustentable dos solos agrarios –o famoso decreto de xurros– ou, hai tan só unhas semanas, a Estratexia para a conservación e xestión do lobo, nesta ocasión a polémica vén dada polo intento de poñer en marcha unha normativa que persegue regular a ordenación das granxas bovinas. Un proxecto de real decreto máis adecuado para explotacións avícolas ou porcinas industriais, dito sexa de paso, que se atopa en fase de consulta pública e que xa levantou feridas nalgúns comunidades, coma no caso de Galicia, que cren imposible cumprir algunhas das directrices que aparecen recollidas no seu borrador.

Distancias mínimas

Neste sentido, un dos asuntos máis polémicos é o relativo ás distancias mínimas que deben gardar os novos establos co suposto fin de reducir o risco de difusión de enfermidades infectocontaxiosas producidas polo gando bovino. Así, sitúase en 500 metros a separación mínima das construcións con respecto ás explotacións vacúas xa existentes, con respecto a calquera outro establecemento ou instalación que poida representar un risco hixiénico-sanitario e, por suposto, cos centros urbanos. Un asunto que xerou un rexeitamento unánime entre as comunidades da cornixa cantábrica, principalmente en Galicia, onde o minifun-

dismo e a dispersión poboacional condicionan o cumprimento dunha norma que, ademais de carecer de fundamentación técnica, demostra unha vez máis o descoñecemento absoluto que, desde os despachos madrileños do Ministerio, segue a existir sobre a realidade do vacún galego, unha circunstancia inaceptable se se ten en conta que a comunidade produce case a metade de todo o leite nacional. Neste sentido, convén non esquecer que Galicia legisla desde hai anos as distancias das novas explotacións a outras granxas e núcleos de poboación a través da Lei do solo, unha normativa do ano 2016 que, en determinados municipios, mesmo permite reducir as distancias a 50 metros sen que iso condicionase a bioseguridade das granxas, nin moito menos dese lugar á expansión de ningún tipo de enfermidade infectocontaxiosa.

Tamaño máximo

Non menos controvertido está a ser o intento por parte do Ministerio de Agricultura de limitar o tamaño máximo das granxas ata as 850 UGM –mantéñense as equivalencias de 0,4 UGM para un animal de menos de seis meses, 0,6 para os que teñan entre seis e doce meses de idade, 0,8 para as xovencas de dúas ou máis anos e de 1 UGM para as vacas adultas– para os establos de nova creación.

De feito, en función do tamaño do rabaño, o borrador do decreto divide as granxas en tres grupos: o primeiro estaría composto por

► PARECE POUCO RAZOABLE ESTABLECER UN TAMAÑO MÁXIMO PARA UN ESTABLO ATENDENDO UNICAMENTE AO NÚMERO DE ANIMAIS, DEIXANDO DE LADO CRITERIOS COMO O SISTEMA DE MANEXO DO RABAÑO, A XESTIÓN DE XURROS OU A SAU

aquelas explotacións con capacidade ata 180 UGM inclusive; o segundo, as que teñen entre 180 e 850 UGM e o terceiro, as que superen esta cifra no momento da entrada en vigor do novo marco normativo.

Esta clasificación será a utilizada para establecer os requisitos mínimos que debe cumprir cada explotación e tamén para autorizar ou non a súa ampliación. Esta circunstancia non queda suficientemente clara na redacción da norma –tamén sucede con outros aspectos do borrador, que necesitan dunha aclaración interpretativa urxente por parte do lexislador dada a súa escasa concreción– na que se recolle sucintamente que “as autoridades competentes poderán mediante normativa incrementar a capacidade produtiva establecida para as explotacións recollidas no grupo II ata un máximo dun 10 %. O limiar inferior para as explotacións tidas en conta no grupo III quedará redefinido consecuentemente co devandito incremento”.

En calquera caso, parece pouco razoable establecer un tamaño máximo para un establo atendendo unicamente a un número concreto de animais –suponse que elixido de forma arbitraria porque non se explica o porqué desta elección– deixando de lado criterios técnicos en aparencia tan relevantes coma o sistema de manexo do rabaño, a xestión dos xurros ou a superficie agraria útil (SAU).

Resulta unha obviedade sinalar que a realidade dunha explotación con 200 UGM é diametralmente oposta se conta con 100 hectáreas de SAU para, por exemplo, xestionar os seus xurros ou esterco que, pola contra, presenta carencias en canto á base territorial.

Peches perimetrais e rexistros

Aínda que os condicionantes relativos ás distancias e aos tamaños dos novos establos son os aspectos que máis preocupan do borrador do novo decreto, hai outros aspectos menores que, de seguro, resultarán

difíciles de cumprir para moitas explotacións. Son, por exemplo, aqueles que obrigan as granxas que se constrúan, independentemente do seu tamaño, a estar delimitadas perimetralmente de forma que se minimize tanto a entrada de persoas ou vehículos coma o contacto con animais silvestres. Tamén resultará necesario que o acceso ás instalacións dispoña de peche cun pediluvio ou calquera outro medio de eficacia semellante á entrada do recinto, e mesmo se impón a obriga de dispor dun rexistro actualizado de todo o persoal alleo –veterinarios incluídos– que accedan á ganadería.

As imposicións non quedan, nin moito menos, aquí, xa que se elevan ata case medio cento entrando de cheo en aspectos tales coma o deseño das instalacións, os materiais utilizados na construción, a subministración de auga, os sistemas de limpeza, o almacenamento de alimentos, fitosanitarios e medicamentos, a hixiene durante o muxido ou mesmo a xeración de ruídos, po e cheiros na explotación. Estes son requisitos que deben cumprir todas as granxas de nova construción, mentres que para as que xa se atopen en funcionamento se establece un período transitorio que, dependendo de cada aspecto concreto, oscilará entre un e tres anos.

En calquera caso, haberá que esperar ás alegacións que se presenten, tanto desde o sector coma desde as diferentes comunidades autónomas, para coñecer o texto definitivo dunha norma que, coas súas luces e as súas preocupantes sombras, se unirá ao medio centenar xa existente onde se regulan aspectos de índole zootécnica, trazabilidade e identificación animal, benestar animal, bioseguridade ou medio ambiente.

Un mar de leis, reais decretos, directivas, códigos e demais normativas que converteron a agrogandería nun dos sectores máis regulados e controlados a nivel europeo. ■